

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN
Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 América id.... 2
PAGO ADIANTADO

NUMEROS 123
A CRUÑA 15 DE JULIO DE 1920

Redacción e Administración:
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

ATURUXO TRUNFAL

Os nazonalistas da Cruña fanlle sufrir a primeira derrota ós caciques provinciales

Facendo unha grande inxusticia, unha das suas noxentas cacicadas ruralescas a Comisión provincial da Cruña (dina de ter como segredario e cabezoleiro a Viturro) non sabemos se por indicación sólo dos seus amos ou pol-a d'algús santós democratísimos tamén, que contan pol-o seu orgo xornalístico «A Voz de Galicia», anularon a aita de concellal do noso irmán Peña Novo.

Más en Madri, contra dos caciques da Comisión provincial noxenta, contra dos santós democratísimos, republicanos do marqués do Espliego, o noso candidato nazonalista trunfante, o primeiro concellal nazonalista da Patria que aquêles puxeron rexo empeño en afogare, foi reconecido en xusticia.

¡Eís a primeira grande derrota do caciquismo provincial. Un novo trunfo glorioso das Irmandades... O nazonalismo galego sempre indo pra riba... ¡Adiante, pol-a libertade da patria galega!

Coutaciós

Do rebaixamento da Raza

Casais Santaló é un mozo d'esas nado pra iren direitos ó caixón do pan. Soubo facerse grato ós cateáticos que gostan do agarimo axionllante, mentres era escolar; sentou praza de aproveitado, de for-

malhão d'outra a sua adolescencia, conquireu logo—do xeito que se conquiren estas cousas, pol-o favor d'algún político — unha pensión pró estranxeiro, publicou un traballo sobr'a emigración, fallo de todo mé-

rito, puxo a galgar no seu nariz unhos lentos, rasurou a faelana, e como non podería ser d'outro xeito, pillou unha auxiliaria na Universidad caciqui de Santiago. Había dúas: mas unha ficou sen se eubrire. ¿Por qué? Don Lino Torre, pai d'un fillo que pode chegar a auxiliar, quizais podería decilo.

O caso é que Lois Pena Novo, fixo oposición a esas auxiliarias. Y-estivo tan feliz autuando que colleitou loubanzas de todol-os ouventes e d'algús señores do Tribunal.

¿E sabedes cal é o defeuto que lle puñeron "algús galegos"?: o de que ten unha firon estaba o Casais Santaló, que prepronunciación moi galega. ¿Haberá sntoma maior do rebaixamento miseráble ó que chegou a Raza?

Pois entr'os que somellante chata d'opunra ter acento napolitano, eís com'a mooria dos nosos desgraçados 'peisanos, precuran pareceren castelás ou andaluces.

Esse parviño, aproveitado, cursiliño, e fachendosíño Casais, sostén que Pena Novo, pol-a sua pronunciación, e porque en troques de "derecho"—falado en castelán—dixo "drecho", inda que seiba o que seiba non debe ser cateático.

¿Haberá parvada pol-o xeito!... ¿Haberá nada mais revelador da degradación espiritual na que se acha a Raza?

¡Qué diga eso un auxiliar nacido en Sarria e algús estudantes de Terra!

Pois ditno. Y-ó diciren eso—eles tan patrioteiros i-hespañoliteiros — fannos separatistas a todol-os que temos senso común i-amore fondo á Patria natural. Ou non hai lóxica no mundo.

Si soito poden ser cateáticos os que falen 'ben o castelán, únicamente os castelás poderán optaren a cátedras.

Os catalás, dende Cambó abaixo, por moito talento e cultura que poseían, como non falan o castelán correuto, ficán escuridos do dreito de seren cateáticos.

Os vascos, o mesmo. Os andaluces, o mesmo. Os valencianos, lestrimeños, aragoneses, o mesmo. E si se nos apura un pouco, eáseque todol-os castelás.

O idioma de Castela, fálanno poucos ben.

Y-os galegos, comenzando pol-o Casais, inda con acento napolitano ou madrileño, non poden desprenderse nunca por completo da sintaxis natural.

¿Que lles parece d'esto ós nosos leutores? ¡Galegos que s'avergonzan do selo que n'eles puxo a natureza! ¡Galegos, con oentacultura, que din que non serve pra eatedrático quen teña acento galego! Se rexurdira Montero Ríos e ouvise tan grande parvada...

Pois sostido esto, ou non sabemos discurrir, ou fica sostido que o galego sómente é persoa cando se desgaleguiza, e que, pol-o mesmo o sentimento de galeguización é un sentimento d'inferioridade.

E com'o que sostén de xeito parvo e inconsciente, ecravizado pol-o influxo de cinco séculos de hexemonía castelán o Sr. Casais de Sarria—¡viva Celita!—, sosténno d'antigo todol-os señoritos da Terra, a vontade da Raza esmoreceuse, e Galicia foi un cimiterio d'espiritos. Un povo onanista. Pecando sempre contra natura. Y-esto espica o seu atraso, a sua

Cadro branco

Os flomenquistas da Cruña, coidan que sen corridas de touros, festa bárbara e nazonal.... dos que a quietran—que da nosa nación non é—non se pode progresar i-atraguer xente.

Unha das maiores vergoñas da Cruña e Santiago son os seus circos taurinos.

Disimule D. Pío que nós opinemos como o P. Sarmiento.

mansedume, o deitar pol-os camiños de vaposeiria, en troques de sangue rexa, forte e outiva.

¿Qué povo sintíndose cativo por natureza poderá faguer cousa grande endexa-mais? ¿Qué terían de ser os catalás si se avergoñasen do seu acento. Ou un poratugés do seu; ou un danés...

Pois fixédevos aínda. O rebaixamento dos señoritos galegos, qu'é único no mundo, chegou a máis: chegou a sentiren coma cousa de superioridade a castelanización dos apellidos. Os Monteiros, os Rigueiras, os Soutos, os Ferreiros, os Insuas, os Illas, os Almoinas, fixéronse Monteros, Rigueras, Sotos, Herreros, Insúas, Illás, Almóinas...

Outro síntoma da mesma doenza. Outro meio d'arrenegaren do orixe, da oriundez.

Pois así en todo. Así, por nós mesmos, foron e son rebaixados todol-os nosos valores naturaes i-autóctonos. Así, apreixados pol-a pouta de Castela, chegamos o triste xeito d'habitantes d'un territorio que non outra cousa son a maioría dos galegos.

E se nos avergoñámenos de ser galegos, ¿qué dereito temos pra rifar aos castelás que como aldraxe empreguen a verba "galego" en senso despetutivo?

E non se nos diga que agora moitos señoritos, sinten orgulo de seren galegos. Eses señoritos, partidarios "del regionalismo sano y bien entendido" sinten orgulo de seren galegos... "que non parezan galegos", coma o auxiliar napolitano señor Casais... de Castrovello. Y-a cousa sigue sendo a mesma.

...

Outra mostra—entre tantas máis— que xa temos ensaminadas n'outros traballos—do sentimento d'inferioridade que levamos na i-alma, é a dos nomes postos na maioría das ruas das nosas vilas e nos dos barcos dos nosos portos.

Nas nosas ruas fallan os nomes dos galegos ilustres, xeralmente, pro abundan os de políticos alleos a nós que caciquean en Galicia. Lugo, verbigracia, n'este xeito é do máis noxento, por citarmos só unha capitaliña.

Y-os nosos barcos levan títulos estranos. En Cedeira, qu'é un rincuncho ben galego, botóuse agora ó mare un navío veleiro c'o nome de "Vara de Rey". Isto debeu ser infruído por persoas que estiveron na illa de Cuba. E no fondo no supón senon ignoranza por parte da maioría dos galegos das vilas, das grandes grupos que tivo Galicia.

Pro como han conocelelas os galegos humildes, cando no douta Compostela inda non teñen o seu nome na lápida d'unha rua Ayra Nunéz e o "Cura de Fruime" que fono dous santiagueses ilustres? ¿Cando nin na Cruña, nin en Lugo, nin en Ourense (Pontevedra é a esceución) Pastor Díaz aparece dándolle nome a unha rua, tendo sido o galego meirande do século XIX? ¿Cando en Ferrol, seu povo natal, non se oía escrito en ningures o nome de Wicetto? ¿Cando na Cruña un gran parque que vai facerse—levará o nome d'un argonés: Xaquín Costa?

Os idiomas, témol-o provado moitas veces, non son máis importantes pol-a sua extensión que pol-o seu valor cultural e político. Antes ó contrario.

Pois Galicia sómente escomenzará a ser próspera e grande cando un artigo publicado en galego n'un xornal galego, pese o mesmo, ou máis, qu'escrito en castelán.

Coma socede en Cataluña. Ventosa, c'o traballo feito no seu idioma n'un xornal da sua terra, foi comprendido en toda España.

Cambó, c'un discurso en catalán, é entendido no mundo enteiro.

Los libros de ciencia catalás, cando supoñen un progreso sobre os libros de ciencia castelás, qu'é caseque sempre, chegan

a toda xente que terma d'esas custións en toda Península.

E vede, coma por moitos camiños chegase ó fondo do problema do nazonalismo galego. Qu'é o único problema serio, grande e transcendente da nosa Terra.

A. VILLAR PONTE.

As Irmandades e o Teatro Galego

Durante os cinco meses que se deron veladas teatraes na Irmandade da Fala da Cruña puxéronse as obras seguintes:

"Mn de Santilña", de Cabanillas.

"A Festa de Tabeirón", de Labarta Pose.

"Pra vivir ben de casados...", de Leandro Carré.

"Axúdate", "O Mancifeiro" e "Mal de moitos", de Charlón o Hermida.

"O Fidalgo", de San Luís.

Cadro mouro

Uigo, progresa moito, vai camiño de ser unha urbe das millores da Iberia, rube a cotío o número dos seus habitantes, ten unha colonia grañega grande, millores hoteles que ningunha outra cidade gallega, e carece de praza de touros...

Como que o flamenquismo non se axella na nosa Raza. É outra carroña centralista.

E "Na Corredoira", de Prado (Lameira). Estreáronse as seguintes:

"Entre dous abismos" e "A Patria do Labrego", de Villar Ponte.

"¿Cásome ou non me caso?" e "San Antón o casamenteiro", de Rodríguez Ellas.

"A tola de Sobrán", de Porto Rey.

Ademais estreáronse catro obras portuguesas: "Unha anédoxa", "Fin de penitencia", "O día de mañán" e "Mater Dolorosa".

En Ferrol estreouse "Donoña", de Quintanilla.

A Irmandade de Betanzos puxo varias obras n'aquel pobo e en Sada.

O cadro de Irmandade da Cruña levou a Santiago, Ferrol e Lugo "A Man de Santilña".

O teatro galego xurde forte e puxante demostrando que o noso idioma sirve pra todo, a pesar do que digan os señores castelanizantes; velaí "A tola de Sobrán", de Porto Rey; "O Fidalgo", de San Luís; e "Donoña", de Quintanilla. "A Man de Santilña" non podería ser esquita n'outro idioma que non fora o noso.

Actores hainos; agora somentes foi feita que os autores non acouguen e faigan novas obras pois o teatro pode ser a base d'unha Galicia completamente galega. Por medio d'el fálase e cultívase o galego. De xeito que os autores teñen a palabra. Facendo teatro galego, faise pobo galego.
¡Terra a nosa!

Das nosas colonias nas Américas

Na Habana téñese xa feito con moito entusiasmo a organización estreitada coas "Irmandades da Fala", que se chama: "Xuntanza Nazionalista Galega".

Foron iniciadoras delas algúns rapaces cultos e intelixentes, acucfados pol-a vontade e entusiasmo do querido irmán Tomás R. Sabio, discípulo da grand'escola nazionalista cruñesa.

A "Xuntanza Nazionalista", da Habana, xa conseguiu a aprobación dos seus estatutos pol-o Goberno cubano, e xa vén facendo delegacións en moitos povos da illa.

E conta c'un orgo de publicidade: a culta e antiga revista "Galicia". Esta revista facerá, o día de Santiago, un número extraordinario, rexamente nazionalista, todo escrito no idioma patrio, naturalmente.

Con fondo interés hemos seguido de destas columnas canto se relacione c'o movemento nazionalista dos nosos irmáns da illa de Cuba. Y eles han ser dos predilectos...

Tamén en Buenos Aires hai un feixiño de nazionalistas admirables. Mais este feixiño, com'o de Cuba, foi iniciado por rapaces discípulos tamén da escola de nazionalismo da "Irmandade" da Cruña. Entre aqueles rapaces áchanse os quiriñiños Ares Miramontes e Vía Golpe.

Pero en Buenos Aires inda hai moitos galegos desgaleguizados, non por mor deles, senon do ambiente. E que, pol-o mesmo, en troques de censura, samente fanse acredores a unha advertenza.

Esos galegos son dos que non hai moito aínda, a unha festa d'homenaxe a Conxepción Arenal leváron unha cupletista. E agora c'o ouxeto de colleitaren cartos pra custear a publicación de dous libros de Noriega Varela "D'o Ermo" e "Nova Carmiña", fixeron unha festa con "rapasodias de aires españoles", "jotas" e representación do "Señor Feudal", de D'Almeida. (O coadro de decramación da "Casa da Galicia" tería de representar outras obras, e galegas.)

Pro esto merez disimulo pois repetimos qu'è cuestión d'ambiente.

Rabindranath Tagore

i-o nazionalismo indio

A I-ALMA DA TERRA

"Se ve en sus manifestos que lo que él quisiera es libertad, más que para las recuas humanas, para el alma del país, superior siempre a sus habitantes."

(Ramón Gómez de la Serna, "Variaciones: Rabindranath Tagore". No xornal de Madrid "La Tribuna".)

I

Os lectores de "A Nosa Terra" coñecen "abondo a Rabindranath Tagore. Moitos poemas seus teñen saído n'estas follas.

(Tagore, meu vello mestre!... Foime descuberto por un libro de moita sona de Miss Underhill sóbor do misticismo moderno. (1) Nas churrusqueiras edicións Mac-Millan, libriños empastados d'azul con lombo plano e rótulos dourados, viñan, traducidos ó inglés pol-o mesmo autore, os poemas e mais as disquisicións filosóficas de Tagore: "Gitanjali", "The Gardener", "The crescent moon", "Sadhana"... Eu merecíame n'aquelo... Iña atopando, n'un estudio apaixonado a fonda trascendencia d'aquelas verbas sinxelas, simples, naturais... Restexaba n'elas a sabencia dos "Upanishads"...

Estudiei a vida do mestre, e mais o meio social onde se desenvolve: as suas ideas, e mais as suas creencias. Achábame d'aquela que mismamente eu me revía no deslumamento do misterio da India. Seica era o "mirage oriental" que di Salomón Reinach...

Fai sete ou oito anos, c'o gallo de que lle deran o Premio Nobel de Literatura, fixen eu unha parola, ou conferencia no Ateneo de Madrid, tratando de Rabindranath Tagore. Aínda hoxe, aquí meu traballo, é o único en Hespaña que se fixo con conciencia, sóbor do gran poeta indio. Esito ateneístico: catro ou cinco poetas: Enrique de Mesa, Luís G. Bilbao, Julio Illuici, foron os que de certo reparáron na miña parola. Dend'enton, os amigos chamábanme ("Tagore" no Ateneo. Logo, Zenobia Camprubi e Juan Ramón Ximénez leváron a gloria de traducir a Tagore ó castelán.

Lémbrome aínda d'outro caso: en Salamanca falei un instante de Tagore con don

(1) "The Mystic Way", London, 1911.

Miguel de Unamuno. Don Miguel díxome que Tagore non estaba mal, pro que "non tiña osos". Eu botei mau da miña cazarreíría galega, e díxenlle a todo que si: non precisei mais pra lle non entrar ó Unamuno pol-o ollo dereito.

Con todo esto, eu penso que podo falar de Rabindranath Tagore e do seu nacionalismo.

II

Hai no India unha chea de nacionalismos deferentes: hai un nacionalismo hindie e mais un nacionalismo mahometano; hai nos tradicionalistas e hainos europeizantes; hainos pacíficos e hainos revolucionarios... Do nacionalismo tépedo da "New India" de Bengala ó que defende Mr. Tilak en Bombay; das doutrinas da sociedade nacionalista musulmana chamada "Ahmaddiyah" ou a secta hindie "Arya Samaj" fundadapol-o Swami Dayanand Saaraswati, ó nacionalismo socialista do exbrahman Krishnavarna, vai a carreiriña d'un can.

Hai indios que quixeran volver ó Código do Manú, mais hoxe hai tamén un forte movemento bolchevista. Antre todos eles a mais Rabindranath Tagore e os irmáns, hay homes moi merecentes da nosa atención: Bhagavan Dass, que sostén brillantemente a superioridade da vella sociedade india por riba da europea; Chandra Pal, que demostrou n'un libro a capacidade mental da súa raza meirande aínda que a dos ingleses; Vinayah Damodar Savarkar, traductor de Mazzini e de Tolstoy, e outros moitos.

Todal-as tendencias contan as suas fazañas e tamén os seus mártires. O goberno británico non deixa de faguer algunha concesión que outra, mais ten a man dura pra castigar ó que se lle desmanda e tamén emprega meios xesuíticos. Un dos mais curiosos é o xeito que ten de dar alento á restauración da relixión buddhista, desaparecida da India d'os primeiros séculos da nosa Era, e empregada coma tósigo pra adormentar as conciencia no sono da non-acción. Tamén suvenciona a Sociedade Teosófica, que ten organizada unha "Orden dos Fillos da India" de tendencia antinacionalista.

III

Ser, a India é unha terra ben asoballada. A mais asoballada de todas as terras. Persas, gregos, seitas, mouros, turcos, turcomanos, mogoles, portugueses, franceses,

ingleses, todos foron a mallar nos probes indios... Hastra un linciao, un de Maceda, Xan de Novoa, o descubridor da illa de Santa Elena, foi impoñer condición en nome d'El-Rei de Portugal ó Zamorin de Calicut...

...A India tivo seus héroes; tivo un Poso, un Chandragupta, un Rana Sanka, un Nana Sahib. A oposición contra dos ingleses por parte da India tradicional foi ben feroz hasira 1859 en que foi afogada en sangue a revolta dos cipayos: Tipu Sahib, Haider-Alli, os Sikhs, os Mahrattas, Tantia Topi, a Rainha de Bandelkand, o xeneral francés Duplex, defenderon ben a India. Mais denda dos cipayos a resistencia armada afogou, sen que deixase d'haber un nacionalismo tradicionalista.

Naseu en troques o nacionalismo europeizante e pacífico. En todas as terras asoballadas nótase este ir e vir nas ideas e nos procedementos; s'estudiáramos o nacionalismo polaco atopariamos unha fase revolucionaria, outra fase romántica e mesianista, outra fase positivista, outra neomesianica...

En Bengala, o nacionalismo europeizante débese ós "Babus". Babus é o indio aducado ó xeito europeo, o que estudia en Europa ou nos Universidades Inglesas da mesma India. Nos núcleos d'istes bengalis ilustrados andan ás misturas Xesús Cristo con Brahma, Xúpiter, con Mahoma, Kant con Spencer, o Rei d'Inglaterra co Moro Muza... E xente presumida e mal criada.

Os Babus puxeron escolas pr'os seus fillos, pra lles ensina-las ciencias europeas. Todos os empregos do Goberno achábanse nas mans dos ingleses, mais chegou un día en que unha chea de Babus presentouse ás oposicións e leváronas. Logo emprinciaron a ter Asambleas nacionais. O seu programa era: extensión da cultura, emancipación da muller, abolición das castes, casamento das viudas, autonomía da India. Com'estas reformas se non aviñan co brahmanismo, inventaron unha nova relixión: a "Brahma Samaj", creada pol-o filósofo Ram Mohan Rai. Unha reforma do brahmanismo inspirada en ideas cristianas.

Brahma é pra eles o deus único. Afírmase o libre arbitrio e a vida futura con premios e castigos. O servizo relixioso consiste en cantos, lecturas e explicacións dos Vedas, o Coran, a Biblia e mais o "eud Avesta".

En 1843 morre Ram Mohan Rai e quedou coma cabezaleiro dos Brahma Samaj, o Maha Rishi Debendranath Tagore, pai do poeta Rabindranath. Mais os mais radicais se non conformaron e arredáronse baixo a xefatura de Keshab Chander Sen. Iste foi o que en 1870 recostituiu o partido nacionalista da "Young India"; fixeron propaganda, abriron escolas, fundaron xornais; ó fin, os mais tradicionalistas impuxéronse e botárono fora e recoñeceron a Debendranath coma seu pontífice.

Esí se dividiu o partido nacionalista bengali.

IV

Debendranath Tagore morre en opinión de santo e deixou tres fillos: un filósofo, un poeta e mais un pintor, e dúas fillas periodistas.

O pintor, Abanindro, foi o restaurador da Arte india, volvendo á tradición das pinturas do templo d'AJanta e das iluminuras mogolas. Nas suas obras está a i-alma mística e simbolista da vella India. Tivo discípulos: Gogonendranath, Nanda Lal Bose, etc., que fundaron a "Sociedade India d'Art Oriental". Tocantes ás suas obras, son d'interés os estudos de E. B. Hawell en "The Studio", n.º 14, ano 1908 e d'Arnéde no "Mercure de France", 16 Natal, 1913.

O poeta, Rabindra, foi o sucesor do seu pai na cabeza da seeta Brahma Samaj. Este é o aspecto mais descoñecido do autor de "Gitanjali", apesar de tanto coma se ten escrito sobre d'él, e mais en calidá de xefe relixioso, foi coma estivo en París a un Congreso das Relixións qu'houbó el. Rabindra é un místico porque é un indio, pol-o sangue que lle cola pol-as veias, por que no fondo da i-alma sente o cantar da sua terra, que logo il ceiba n'ises poemas hoxe admirados d'un cabo do mundo ó outro. E vive coma se vive na India, e leva a roupa nacional e non a europea, o toma o chá con dulces bengalis, e fuma en narghileh, e fala e escribe na sua lingua. E tanto nos idillos de "The garden-er" coma nas exaltacións místicas de "Gitanjali" e nas disertacións filosóficas de "Sadhana" e nos simbolismos dramáticos de "Chitra" ou do "Correo", é sempre a i-alma sagrada e milenaria da India a falar en verbas sinxelas e eternas...

...¿Qué mais vou falar d'el? Xa se ten ocupado n'eso moita xente: Ernest Rhys en Inglaterra, André Gide en Francia, Ezra Pound nos Estados Unidos, eu e mais outros en Hespaña. I-agora, derradeiramente, Ramón Gómez de la Serna...

V

Ramón Gómez de la Serna, da xente que hoxe escribe en Hespaña en lingua castelán, é o único interesante. Ten, coma todos, os seus altos e baixos, mais sempre s'atopa nos seus libros algo que lle paga a un o traballo d'os leer. ¿Coma faría eu pra calificalo? Cecaís decindo que é o antípoda de Valle-Inclán... Escribe sobre o que as xentes non escriben. Colle unha cousa calquera: un úmbre, un par de guantes vellos, unha caixa d'un chapeo, dalle trescentas voltas, í-a cada volta, des-cobre n'ela algo novo. Denantes analizaba do mesmo xeito as suas impresións. Ou fantaseaba pol-o mesmo procedemento.

Até fai pouco lle non chamaban a aten-

ción os homes; lle non interesaban mais que as cousas. Agora escomezou a faguer estudos críticos e biográficos moi atinados de Oscar Wilde, Villiers de l'Isle Adam e outros escritores de sona. Por fin tocoulle a sua a Rabindranath Tagore.

De todo o que di d'él, collo o parralfo que vai no cima d'iste artigo. Porque eu escribo sempre do que nos poda interesar á nós, ós galegos que loitamos pol-o rexurdimento da nosa Terra; escribo pra sacal-o ensino que nas cousas que leo poda haber a que se poda aplicar á nosa causa.

VI

"Se ve en sus manifestos que lo que él quisiera es libertad, más que para las recuas humanas, para el "alma del país", superior siempre a sus habitantes."

...Xustamente, señor, xustamente... Libertade: pra' a i-alma da India, aínda antes de que pr'os indios mesmos. Eso, eso. O esencial é que a i-alma da India se non perda: o esencial é que a India se non desnacionalice, se non desindianice. O esencial é conservar a i-alma do país, por que a i-alma do país é o que é a Patria. ¿Qué fían facer os indios con libertade e sin alma? ¿Se perderon a i-alma, se perderon o carater nacional, entón, "pra qué" a libertade, e mais aínda, "pra qué" a libertade?...

Ser, é certo que os pobos foron conquistando a libertade, sen facer, nin xiquera pra contra si, consideracións "teleobóxicas"... Mais hoxe, no estado de civilización ó que chegamos, a nosa humanidade xa madura, con toda a sua razón mental, tén que por, nas suas arelas de libertade, unha consideración de finalidá. Hoxe temos que pensar que a libertade há ter un fin, que a precisamos pra algo...


Ora, un pobo precisa a libertade pra que viva a sua i-alma colectiva, pra desenvolver o seu xenio nacional, coma os irmans Tagore o desenvolven, na Arte e na Poesía e no Pensamento. Libertá pra vivir, pra facer, pra crear...

[Tagore queré qu'a i-alma milenaria eterna da India viva nos indios todos, coma vive n'él.

VII

...Esí nós. Antes de nada libertá pra' a i-alma de Galicia. Témo-la que libertar, témo-la que facer xurdir ceibe e creadora, cada un dentro de si... Eica aló, no fondo das nosas entrañas, no fondo das nosas conciencia, asoballada, aprisoada pol-os prexuícios, pol-as doutrinas mintireiras, pol-os programas de partido, pol-as rutinas oficiais. Temos que libertala; temos que facer que viva en nós, que se convirta n'un Ideal, n'unha Norma e n'un Fin, pra que non sexamos unha "recua humana", a mercé de calquer propagandista que queira facer d'"arriero".

Leria no adro, por Castelao.



—Na cadea dan de comer a todol-os presos.

—E certo; pero teríames que faguer algún mal pra ir a cadea.

Libertá pr'a i-Alma Santa da Nosa Terra, que é superior a cada un de nós, porque ela é todos nós, e nós nada somos sin ela... E ela, é a i-Alma da Terra, a que nos ha dicir o qu'hemos faguer, com'hemos pensar, com'hemos falar. E nós debemos faguer o que ela nos mande, pensar o que ela nos digá, falar o que ela nos diute.

E á i-Alma de Nosa Terra á que temos qu'obedeceer... á ela, i-a ninguén mais.

VICENTE RISCO.

CATRO BISPOS GALEGOS

¿O qu'eles poderían facere...!

Agora hai en Galicia dous Bispos galegos. O de Lugo y-o de Tuy. O señor Rey Lemos i-o señor Lago González. Galego é tamén outro prelado hespañol: o señor Eijo. E galego asimismo é o bispo que acaba de ser nomeado pra un povo estrangeiro, pra Cienfuegos, na illa de Cuba. O señor Pérez Serantes, de Celanova.

Si estes bispos, todos eles homes de moito talento e de fonda cultura, tomando exemplo dos seus colegas de Cataluña, estudasen á galguzación da sua Terra natal, sintíndose nacionalistas com'o glorioso Gelmírez, que tanto loitou por

facer de Galicia un reino; si estes bispos, volvendo pol-a rehabilitación da lingua doce e fermosa na que primeiro loubouse á Virxe na Iberia impuñeran, cando menos, a Saíve cantada, en galego— ¡oh Pedro Mesonzo!—nas Basílicas do seu goberno e nas Irexas das suas diócesis, pregándolles ó propio tempo os cregos que espicasen o Evanxelio no idioma natal nas parroquias aldeáns, pois d'outro xeito cáseque ninguén os entende, ademais de faceren labor galeguista, facerían tamén traballo proselitizante fecundo pra eles...

Tan ilustres bispos, terían de pensar n'esto. E si a facer labor galeguista axudaran, os seus nomes pasarían a Hestoria da Terra envolvelos en rayotas de gloria pra non seren esquecidos endexamais e pra seren bñtos por todal-os xeraciós veñdeiras...

O progreso de Galicia e as Irmandades**O caso do Ferrocarril da Costa**

Nunca en ningures se teñen preocupado tanto como agora de Galicia e das cousas galegas "os nosos cuneiros"... Vai para unhos tres anos, mais ou menos, que fan

que sinten interés pol-o da Terra. E tratan, ademais, de que se decate d'elo todo o mundo.

Estes tempos mesmos, verbigracia, finxen traballaren moito pol-o ferrocarril da Costa. ¿E por qué din que traballan oxe arreo, e non traballaban nin se preocupaban de diciren que traballaban enantes?

Pois, sinxelamente, porque están auciados pol-as "Irmandades" dende a fundación d'estas. Porque téñenlles medo ás "Irmandades". Podemos afirmar eisi, sin que ninguén s'atreva a rebatirnos, que cantas milloras d'algunha importancia conquireu Galicia do centralismo, dende vai para tres anos, quéiranno ou non os caciques, levar o cuño das "Irmandades". Pois éstas gobernan denta' oposición e gobernan continuamente.

Agora entre todol-os cuneiros galegos surdiu un puxilato por servil-os intereses da nosa Patria. E xa até rifan us e'os outros.

No do ferrocarril da Costa é chistos vermos coma, todos queren apareceren "mais" autivos e infruentes. Gulloneiño doise de que a Comisión permanente que foi a Madri do Ferrol, nin a saudalo s'abegara. En troquas Leonardo Rodríguez, nos xornaes da sua devoción, procura facer público que él con aqueles comisionados loita pol-a liña costeira coma un héroi, no

compañía do seu candidato derrotado nas derradeiras eleccións do Ferrol. O leonardismo quer substituír o gareiprietismo naquel povo. Véxelle a orella.

¡Sempre os cunheiros galegos, i-os seus satélites aproveitando todas as ocasións pra faceren a noxenta política persoalista e de comenancia propia! Todos ruís cativos.

Pois se agora escomenzaran as obras do Ferrocarril da Costa, que inda o dubidamos, teríade ser por unha d'estas dúas razóns: ou porque lle convifera eisi a algunha empresa estranxeira, ou porque os centralistas sinten medo pol-os posibles progresos do nazionalismo das "Irmandades".

¿Com'os Leonardos, Gullós, e demais cunheiros non axudaron enantes de xurdir os nazionalistas galegos ós que levamos moitos anos traballando pol-o ferrocarril da Costa?

BICOS

Prá ALVARO CEBREIRO.

Sempre agardo qu'un bico d'os teus beizos
n'os meus veña a pousar
sempre agardo o seu pracedo aloumiño
e sempre agardo en van.

En sonos dasme moitos, moitos bicos,
cantos poida eu pedir
esperto inda o primeiro no me deches
¡sempre foxes de min!

Por iso, n'ademires, non, qu'eu teña
os ollos sempre pechos:
¡é que busco o aloumiño morno e brando
d'os bicos d'os teus beizos!

ALFREDO CANALEJO.

O DIA DA GALICIA

25 do Julio

N-esta data ten de se facer o día da Galicia.

Na Asambleira nazionalista xunta derradeiramente en Compostela, acordouse de goito rotundo, facer a festa da Patria

O día da Galicia, non ten de sere un día de xolda, rexouba e trangallada; non pode sere unha festa de gaita e foguetes; non ten de se facere unha xuntanza pra decire catro cousas bocas, valeiras, "cur-sis". Nada de lembrarse da Patria gallega pra chamarlle: bonita, feiçeira, probe; non. Ten de sere un día que en todol-os fogares, en todas as terras alleas, en todol-os currunchos do planeta onde haxa un gallego, teña media hora pra facer meditación patriótica; ten de sere o día en que todos nós, fagamos unha confidencia espiritual preguntándonos a nós mesmos:

¿de que se doe a miña Terra? ¿cales son as suas mágoas? ¿cal é a miña obriga? ¿por qué fuxin a terra allea? (Temos de saudar a Patria, temos que dar a vida por ela si preciso fora...

Vede Irlanda, a nosa irmán da raza e sufrimentos, que despois de moitos séculos de loita e heroísmo, comenza a tronzar as cadeas agriloadores da vella e despótica loura Albión. Vede a Rabádranath Toghore, o inmenso poeta de Bengala, que somellando un novo Cristo xunta ao seu arredor, os nenos "bengaleses" pra ensinal-os no amor á nai, no amor á terra "bengali", no amor ao chao que os viu nacer e que gardará o seu corpo feito cinza, facéndolles un espírito acirado con temple feito no amor e nas mágoas. Vede o exempro da Finlandia. A festa do 25 do Julio na Galicia, ten de sere como o 12 do Maio en terras de Finlandia, que celebran o nacemento do gran nazionalista SNELLMAN. O día 12 do Maio é unha festa que agaña se fixo festa nazional. N-este día os finlandeses xúntanse jubilosos, e enchen os ares de cantigas de liberdade e de Patria; moitos deixan os nomes suecos que se lles impuxo, e bautízanse de novo pra ter en adiante nomes finlandeses. Entre o gran número de finlandeses que trocaron por nomes finlandeses os seus nomes suecos, poden nomearse ao historiador YRJOE-KOSKINEN, que se chamou FORSMAN; o dramaturgo KIVI, que se chamou STENVALL, e o gran novelista JUHANI-AHO, chamado derradeiramente BROFELDT.

Polonia, Lituania, Eslovanía, Ucrania, Vasconia Cataluña, e moitas nazionalidades que unhas ceibáronse ja, e outras que loitamos na Iberia por europeizarnos, tem s precisión de un día no ano pra facer santa meditación de liberdade patriótica.

Os nosos denantepasados pol-a sua, cobardía, deixáron-os o triste herdo de nascer escravos de corpo e espírito; o generación gallega actual non quere derrar maldecindo a memoria dos causantes; fagamos nós os cimentos da gran obra de redenzón da Galicia, que como di Castelar n-un dos seus dibujos "Non lle poñades reparo hasta que esté rematada; o que coide que non vai ben, que traballe n'ela, hai sitio pra todos".

Galicia é a nosa única e verdadeira Patria. Hai quen a esto pon-lle certos reparos pensando ou creendo que podemos ter dúas patrias: a "grande" e a "chica" e non se decatán que a Patria, nin é grande nin pequena, nin fea nin fermosa. ¡A nai é somente nai! A outra... foi de oportunidade e non-os dou o leite, agarimo, nin quentura do seu peito. A "outra" en tal caso pódese chamar "madrasta".

Irmáns que vos atopades lonxe da Terra: facede un esforzo titánico pra axudarnos na nosa cruzada, e cando cheguedes acó decir despois de bicar aos hérois: ¡Nai, ja es ceibe!

Lembráde-vos que si non-o facedes, máñan chegarán os vosos netos que cuspidos na terra que acobilla as vosas cinzas dirán: ¡Malditos vós, que nos deixáchedes a Patria escravizada, e temos que fuxir a terras alleas pra poder comer un anaco de pan acedo pol-o sudor das nosas fronteiras!

Os desterrados ao dar o laio derradeiro en chao alleo, pregarán unha maldición a Deus, pra os que non souperon ou non quixeron contribuir a dar-lles un chao pleno de farturas e sosego.

¡Si cumprides como bós, Deus e a Patria vol-o pague! ¡Si facedes orellas xordas a este berro de liberdade ou morte, malditos sexades eternamente.

BERNARDINO VARELA.

A ninfa portuguesa do río Minho e a sua irmá escrava

Facía séculos que todas as noites nas horas mortas do silencio, uma ninfa descía desde as montanhas de Lugo e de catadupta em catadupta sempre cantando io trasformarse en vaporosa e fuma entre La Guardia e Caminha.

Porem nao eram somente as canções da ninfa que se ouvían na mansão do silencio, apenas preturbado pelo murmuro da aguas, eram também os queixumes de oressora escravica que mal se distinguían da debil voz da noite. A ninfa que cantava aureolada pela coroa da Liberdade entristecio, apenas ouvia o magoadado canto d'algúem que sofria... (a escravizada Galicia).

¿Quém será que preturba a ninfa alegria com tão sentidas queixas?—praguntava a si mesma a ninfa portuguesa. Sabía que sua irmá era escrava mas e seu choro nunca o tinha reconhecido porem un día, o epíritu da revolta ganhóu tal valor eorou no seu jauto da irmá aquela dôr atroz, e, as duas unidas cantando o himno da victoria, viveran abracado num longo beifo fraternal para jamais se separarem.

JOAO FRANCISCO DA FONTE
Vianna do Castello.

LETRAS ESTRANXEIRAS

Os beizos roxos

Por CATULLE MENDES.

No gabinete azul, cheo de ouxetos de arte e lanzamente amoblado, xaz unha muller no leito empapado en sangue, con un puña chantado no peito.

¿Quén asesinóu a aquela criatura tan

As naiciñas, por Castelao.



—Meu filanción terá de saír d'os eidos pra ganal-o pan!... ¡pobriño!

nova e tan fermosa? ¡Quén foi tan malvado que se non compadeceu del aqueles admiraveis cabelos de ouro, de aquela boca pequeniña de aquel seo turxente, fresco como un lirio? Non era posíbel que ninguén se houbese afontado a matar a aquela muller. Ela mesma ferírase de morte. Bulrada, vencida, menospreciou a existencia e sen que lle vacilara o corazón, sen que lle tremara a man, aquel sér tan delicado e tan belo, todo frivolidade e lixeireza, tivo o inconcebíbel valor de esgazar a súa admiravel carne con un puñal e de apretal-o aceiro con verdadeira caraxe.

Agora está morta, ou, ó menos, semella éstalo, a xuzgare pol-a palidez da súa fronte, e dos seus beizos... Empuñando, o seu corpo abalase aínda, anque con penoso traballo. Erguese de súpeto, e vese brillare nos seus grandes ollos que abre desmesuradamente, unha ollada de indignazón e de extraordinario abramiento. ¡Cómo! ¡Vivir aínda a desditada? ¡O puñal non afondou d'abondo no seu peito?

—¡Oh!—escramas a suicida con acento de xenreira—; ¡sería horribel non morrere!—Mais non tarda en tranquilizárebe, decantándose de que a súa fe-

rida é mortal de necesidade. Si abraqueu erguérase no leito foi gracias a un espasmo supremo, porque a súa testa ten de caere axiña en co da almofada, inerte pra sempre. Non hai meo humán que poida salvar a aquela muller. A infeliz aproveita a súa derradeira ollada pra contemprárese nun espello que hai na alcoba, fronte ó leito onde xaz moribunda. ¡Ah! ¡qué feia é unha muller no momento de ceibar o derradeiro salaio! O máis horribel é o aspecto dos beizos, pálidos e mortecións... A suicida pensa n-aquel momento, con presa inconcebíbel, no que unha vez morta entrarán xentes na habitación, e no que a ollarán moi desmellorada e moi difrente de como a ollaron no bosque de Boloña, e nos bailes, e nos primeiras representacións dos teatros... ¡E sinte subire do fondo do seu peito á súa gorxa o postreiro salaio! ¡Todo vai a rematarse! ¡A infeliz morre a toda presa! Mais, faguendo un esforzo heróico, molla un dos seus dedos no sangue da ferida, e, tremando, pásao unha e outra vez pol-os beizos, pra tinxilos de púrpura. Logo sorriuse satisfiíta. Afitárese no espello embebecida, e cae enriba do leito morta de veras, cós beizos roxos como a grana...

Un menos

Inda que con tardanza chega a nosa triste nova do finamento en Bós Aires d'un irmán moito entusiasta e moi querido: O Sr. Julio Díez Miranda. El, cando escomenzou o noso movemento nacionalista, foi dos primeiros en emprezarmos felgos pr'a loita aceda e duradend'a emigración.

Gardaba com'unha reliquia de autovestimento o probe Díez Miranda o título d'irmán que da Cruzía tífiaselle enviado.

A vida do querido correlixionario—qu'è quen nos dou conta de tan doctosa perda—facínoslle presente o noso pesar.

VERBAS DOS MESTRES

O problema autonomista

Tense dito e tornado a decir que o problema rexionalista non é catalán, nin basco, nin andalús, nin galego, senon máis ben hispánel, no senso de responder seu

prateamento á consustancial! estrutura da Hespaña onde se integran coma en perfecta escolla os diferentes elementos raxiños, lingüísticos, históricos e xeográficos acusadores da diversidade de pobos.

Porque verdadeiramente se a Hespaña non fora o viorto moral que xungue o que de seu é vario, non tería outra realidade que a de un ente de razón. O nazonalismo ao tomar corpo n'as doutrinas políticas, emparándose na formación dos grandes Estados, procurou as organizacións uniformistas e ao se nos entrar a nos pol-as portas adiante pretendeu derrubalo todo, achanzando canto de seu tican os pobos ibéricos e matinando quizais que por forza terían eles de s'engaiolaren e de se idaren por satisfeitos da perda da sua liberdade en troques das abafantes vanfaxes da uniformidade e do centralismo.

Mais os pobos non morren aínda que haren homes que lles venten a morte, e ocorren os cruades que entremedios das mais fortes tiranías remanecen como as limpas augas d'unha fonte inestinguíbel as acudias da alma colectiva cobizosa da liberdade que pra cumpriren seus destinos éster. É os pobos ibéricos alumeñan a lexítima esperanza de seren eles os fortes piares ande terá de se asentir o verdadeiro rexurximento de Hespaña do porvir, e as arelas que primeiro foron descentralizadas e anticaciquis, sen deixaren de selo tornáronse xa sinxelamente nazonalistas nas rexions que mais conciencia teñen da sua personalidade colectiva.

Cataluña certamente camiña diante do movemento. A sua prepotencia económica e a comunión de todas as crases sociais na propulsión do ideal catalanista fan d'ela o mais barudó paladín da redentora causa. Co-a Mancomunidade das Diputacións consiguíu de feito a unidade legal das catro provincias e decote dispón do instrumento potente que lle cumpría pra intensificar a sua actuación no tarreo económico e cultural, dando un vislumbre do que a Hespaña podería sere de grande e de forte si todas as suas rexions fixeran o que ela fai, aínda que lles pese aos favanduleiros do centralismo que andan a coñito matinando o millor xeito de contra d'ela enserguer as envexas tolas da patricotería ambiente, e pescudar a manelra de lle dar estado legal á cobiza ciumenta de lle pôr trabas á meritísima xestión da Mancomunidade. A malfadada hexemonía castelán está ferida de morte, e o exemplo de Cataluña será recollido pol-as demais rexions que sinlen a sua personalidade e se decatan da urxente necesidade de se dispôr pra a loita en defensa do que a Natura lles dou e ningún lles debeu tirar.

O centralismo uniformista que abafa e afoga, d'unha parte; da outra, a vida rexional intensa, louzá, debaténdose por esnaquizar os vellos moldes caducos. Se

aquel fora quen triunfase na loita non ficaría cousa en pé: pro as correntes da vida rexional, da verdadeiramente hespañola, impoñeránse e na autonomía integral atoparán o marco onde se encadrar a actuación e o traballo das rexions capacitadas pra se rexiren por sí mesmas cumprindo libremente seus fins privativos de cultura e progreso.

A autonomía que releando s'iba conceder outrora a Cataluña compre que ampliamente e sen dúbida sin perplexidás lle sea otorgada e recoñecida a todas as rexions que en tal caso s'atopen. E pra nosa Galiza compre que se non retrase o réxime autonómico pra solucionar o problema vital da sua redenzón que, sin estridores, pro con firmeza e conciencia do seu dereito, ten prateado diante da Hespaña e do mundo enteiro.

Pra a Galiza é a autonomía integral un fin que con canseira temos que perseguir e conquistar, pro é tamén xuntamente un meio, único quizais, que terá pra sair da servidume e do empobrecimento económico e moral a que a conduciron o noxento centralismo uniformista e o caciquismo desenfreado en que s'aquéi estriba pra se soste.

MANOEL MANET FONTENLA.

Ir por lan...

(CONTO)

O crego de Cortiñán, home de ben se é que os hay, é pai de almas esceleentes, aera moi quirido en toda a l'abarra pol-os veciños. Nunca ningún probe fai d'ua casa reitoral sin que saise con unha esmóla de más dá vella Petra, ama beata e roñona a mais non poder.

Don Facundo, que eisi lle chamaban ao crego, saiu certo día a dicir misa a Santa Marta, e atopouse no santo da Lourda con un rapás que coñecía de unhos porquiños novos, que con 'sua l'adición adicábanse a comer castañas das que caían c'o vento. O crego, que era moi amigo de meterse c'os rapaces según dicían os que o trataban, preguntoulle a o rapás:

—¿ De quién son os porcos, neno?

—Sonlle da porca, señor abade.

—Vaa unha contestacion, dixo o crego; iso xa o sei au tamén, ho; pró da quen a porca?

—Elle dá meu pai.

—¿ E teu pai, quen é?

—Bó; l'unda que llo diga non'o coñece.

—¿ Como non'o ei de coñecer se coñecezo a medio mundo?

—Cando eu lle dicía que non'o coñecía...

—¿ Por qué dis eso?

—Porque meu pai elle do outro medio que vostede non coñece.

MANOEL ROEL.

Vitalidade

d'un movemento

Todos os grandes movementos nazonalistas transformadores da yalma dos pobos foron de coñe caracterizados pol-a sua agresividade e pol-o seu estridore. Sin istas duas características, a eficiencia das campañas liberadoras, ficaría reducida a vano algueiro, a inocente estampa de foguetes. Pro aínda hai mais. E seguro que non poida citárese nin un soio intento de nazonalización d'un pobo, isto é, de recobro da sua personalidade esvaída, desfigurada por presións allas, que n'os seus comenzos, na sua iniciación non fose inxusto con todo o estrano, eisaxerado, cicais até cruel e duro en demasia nas condenazóns e nos eus anatemas. E isto é ben comprensível. Hai ocasións en que a acción reivindicadora, de reconquistamento da yalma nazonal pra sere eficaz, pra producir resultados prácticos, positivos, ten que manifestárese forte, dura, brutalmente acometedora, axuntada, n-unha verba, o grado a que aquel pobo houbese chegado no eiscesivo esquecemento do propio, no criminal esquecemento dos factores que integran a sua personalidade. Sin aquelas condicións, únicas axeitadas á natureza dos feitos producidos e á aludida acción reivindicadora ven a combati, todo movemento, conte coá forza que conte e dirixio quen o dirixa, nacerá condenado o mais grande dos fracasos, levando no espírito da sua táctica mesma o virus que ten de reduci-lo á impotenza, e trais da impotenza que ten de ocasionárelle a morte.

Pensare que un movemento colectivo poida tere trascendencia e sere fecundo sin choques e sin estridores e totalmente absurdo. A forza e a barilidade d'un movemento, d'unha campaña háchanse prenamente determinadas pol-a suma de protestas, de berros de verbas e de accións condenatorias, que contra d'el se ergan en difrentes campos. Todo o que se deixa pasare en meio da indiferenza, mais grande ou con oposición macia e pouco dura é que no ten valor, é que carece de importancia. Solo b fundamento intenso e grande é capaz de producir nos enemigos a forza decisiva necesaria pra antuaren con resolución e con empuxe. Cando algo pestrega, cando algo se hacha en trance e afundírese é cando chega o momento

en que todos, absolutamente todos, aínda os máis cobardes e abúlicos, desbotando a súa falla de valer ou a súa careza de vountade, pónense en pé dispostos a unha acción que de ningún xeito emprenderían por outra causa que non fose a da propia existencia ameazada. E isto é o que sucede cós movementos (fecundos) e trascendentes. Son ameazadores; levan consigo a sentenza de morte pra todo o caduco, ou pouco xusto, ou ilexítimo, e por iso a súa marcha, o seu camiñare pol-as vías da acción vai acompañada de todas as protestas e seguida de todos os berros dos que sinten en trance de aniquilamento ou de desaparición.

Ningún ideal pode mere fecundidade renovadora, forza de creación, s nos seus comenzos, no momento da súa aparición, ó anastrárese concreto e definido no ambiente da leita se non enfrenta e choca con todo aquilo que, até ó momento da súa aparición, ven constituíndo o único "statu quo" admisible pol-os ben achados co estado de cousas que a nova idealidade, o iniciado movemento, ven a combatare aquel encontramento e oposición, o choque duro e forte, n-unha verba, podería reputárese de cousa falsa e sin valor real toda a pretendida forza renovadora, a pseudo forza de creación do nacemento ideal. O choque non existe, a oposición se non amosra porque aquel titulado ideal, médula do movemento que se pretendía iniciar, carece de enerxía renovadora, de forza pro troque salvador e palinxenésico. E ó carecere de todo iso, lonxe de sere un obstáculo que veña a opoñérese ó discurrirre das correntes de opinión pol-os canles normaes, alteirando a súa marcha serca e tranquila, ven a contribuír a qu'iste marchar se faiga aínda moito máis moíno, facendo así posible o apodreiciemento d'aquelas correntes por estancamento e paralización.

De todo o anterior dedúcese a conerusión terminante de que canto máis rexas e mas outas sexan as manifestazóns de protestas, os berros de oposición qu'a nosa campaña nazonalista orixine tanto máis será a eficacia da mesma e os froitos por ela recolectados. O seu desenrolo dentro do silencio e da falla de atención dos contrarios—e contrarios son todos, absolutamente todos os que fora d'ela conviven—sería a proba inequívoca de inocenza dos nosos feitos. Faigamos, pois, perqu'a a nosa actuación vaia de cote subtraída pol-a enerxica actuación contraria; procuremos qu'a enemiga dos nosos aderversarios sexa forte e decidida. E así, conseguido isto naturalmente, sin apelare a procedimentos artificiaes, a nosa labore terá todo o qu'unha labore do xeito a nosa necesita pra sere fecunda, froitifera e trascendente.

RAMON, VILLAR, PONTE.

Leutores


Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o fagan a Xastrería de

Xosé Varela da Costa
Rua do Circo, 16—VIGO

Pregase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademistrador pra facer a reclamação no correio.

Pregase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

O DIPUZADO POR VEIRACAR NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENZE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego

está posta a venda nas principais librería de Galicia.

PRECIO 3 REAS

Compendio de Gramática Gallega

PRECIO 2 REAS

VÉNDENSE:

- | | | |
|----------|---|-------------------|
| Na Cruña | Administración «A NOSA TERRA»
IRMANDADE DA FALA. | } Merio Pilo, 77. |
| Ferrol | | |
| Lugo | Id. id. Gerardo Castro. | |
| | Id. id. Viuda de Alonso. | |
| | Id. id. Angel Porto. | |
| Santiago | Id. Editorial «Eco de Santiago». | |
| Orense | Id. id. Viuda Pérez Resvié. | |
| Monforte | Id. Antonio Fernández Piñeiro. | |

EL NOROESTE

Xornal da Cruña

Nesta casa impréntanse toda cras de traballos finos, como son: Libros, Revistas, Facturas, Tarxetas de Visita e comerciais, recordatorios, memorandums, etc., etc.

Real, 26 - Teléfono 111 -- A CRUÑA

"PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diproma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposicións de París-Londres

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell (Vigo Coruña)

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos
Montevideo e Bos-Aires

O día 19 de Xuño, sairá da Cruña o paquete correo

Garonna


de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos-Aires
En primeira crase Ptas.	1.072'25	1.116'25	1.336'25	1.380'25	1.512'25	1.556'25
En segunda crase »	793	815	859	881	947	1.035
En segunda intermedia. »	628	528	628	628	628	628

Prezo do pasaxe en 3.^a crase a Brasil, Montevideo e Bos-Aires, (incluídos impostos): **Ptas. 359'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS,
MONTEVIDEO e BOS-AIRES, proisimas saídas da CRUÑA

Adimite pasaxeiros de cámara e 3.^a cras

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 374'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven maridos que non chegan a os 10 anos, chamadas polo seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algún as cartas de chamada, autoizaciones, nin poderes dados ante os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Otono pol-a mañán.

Para informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña.

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2.—A CRUÑA

EFFECTOS NAVALES

— DE —
FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES
F. BERTRAN e MIRAMBELL
Vigo e A Cruña
 CASA FUNDADA EN 1868
 Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

A FARTANZA

— DE —
CRISTINO P. REY
PROGRESO, 40. - A CRUÑA
 Esta casa é a que millores viños de Lágrima vende, así como de Valdeorras, liceres e coñás.
 Visítade esta casa e quedaredes satisfeitos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA
 — DE —
RAMOS E ACEA
San Andrés, 94-1.º - A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.
Nota: N'este estabrecimento atopara o público un servicio permanente a carrego dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

LA SALUD
CASA DE BAÑOS
A MILLOR DA CRUÑA
 Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Materiales de Construcción
CEMENTO ASLAND
MADEIRAS — CARBÓN
 Centro Xeneral de Seguros
Ignacio Pedregal
NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO
 O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28
 O MELLOR SESVIDO

— DE —
M. Losada Prado
A CRUÑA

Frábica Mecánica
::: de Calzado :::

— DE —
ANXEL SENRA

RUA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —
LOPEZ ABENTE
REAL, 55

A millor surtida da Cruña, e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Mentada con arreglo os derradeiros adiantos.

Gran Café da Marina

— DE —
JOSÉ RODRÍGUEZ de VICENTE
Urzáiz, 11
BAYONA

COMPAGNIE GENERALE TRASATANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

El día 8 de Junio aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para
 Rróisimas saidas pra **Habana e Veracruz**



Prezos do pasaxe (incruído os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte de paseo:		
Camarotes de luxo	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores	> 1.668'75	1.753'75
Primeira crase. } Ponte superior:		
Camarotes esterios	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior	> 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	> 1.103'75	1.088'75
Preferencia.	> 808'60	798'60
TERCEIRA CRA SE.	> 328'00	343'60

* O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.
 O pasaxeiro que desexe embarcar ten de lembrar seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a cor formada de Consinatario de que se lle reservou a praza.
 Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo per conta da Compañía.
 Para toda elás d'informes sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARIÑA—Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica esta casa, e veredes como sin darvos conta estades felices e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

— Por qué é isto? porque os chocolates que fai esta casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO

Os viños e coñás millores

son os que se porta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouthe mais selecto

de mundo e reconecido sona é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com'os dos cosecheiros esportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante esclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A Cruña



GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos contraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursales na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todas as novas sucursales ostentan un letreiro como sinal, qu' é reprodución da marca de garantía eiqui estampada. Recíbense encargos de fora, y espídense por meio das novas sucursales. Si no lugar onde vosode reside non a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

J. SOUZA

SUCESOR DE LA FUENTE

Sucursal do Depósito Hidrográfico

PAPELERÍA e LIBRERÍA


Cuxetos d'esquitrerio, Dibuxo e Pintura

POSTAES

Aparatos para ciencias.—Artigos de coiro.—Ouxetos pra regalos —Fotografado.—Tricomía e Catromía.—Osteoloxía.—Anatomía.—Geoloxía.—Historia natural.—Grabado

13 — Cantón Pequeno — 13

A CRUÑA



LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimifindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respecto a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO